

INFORME TÉCNICO SOBRE AS PROPOSICIÓN CUXA CUANTIFICACIÓN DEPENDEN DE XUÍZO DE VALOR NO PROCEDIMENTO DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

1.- OBXETO

Procédese á avaliación da oferta presentada pola empresa concorrente con relación á documentación do sobre B “Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor”.

2.- DOCUMENTACIÓN ESIXIDA

Conforme ao disposto na cláusula sexta, documentación e contido, no seu apartado referente a “*Sobre B, documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor*”, do prego de cláusulas administrativas particulares para dita contratación administrativa, publicado no BOPG 289, de 13 de maio de 2014, a documentación requirida é a seguinte:

Os licitadores deberán incluír neste sobre a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración dos criterios de adxudicación establecidos no punto 16 do cadro de especificacións suxeitos a xuízos de valor, por non seren avaliábeis por fórmulas, escalas ou porcentaxes.

Conterá, en xeral, os detalles ou as precisións que considere convenientes o licitador para a mellor realización da prestación do servizo obxecto da contratación e, en especial, os que poidan ser susceptibles de valoración segundo os criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor que se fixan no cadro de especificacións.

En todo caso deberá conter a documentación esixida no punto 26 do cadro de especificacións.

Neste sobre «B» non se poderá incluír información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que estes acadarían con base nos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas do punto 16 do cadro de especificacións, a cal debe incluírse no sobre «C».

O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar á súa exclusión automática do procedemento de adxudicación.

3.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para a avaliación das proposicións presentadas teranse en conta os criterios recollidos na cláusula décimo primeira do prego “*Criterios para a valoración das proposicións*” e que figuran recollidos no punto 16 do “*cadro de especificacións do contrato*”:



Criterios de adjudicación

I.- Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor: de 0 a 49 puntos.

– Valor técnico da oferta: Valoraranse especialmente os seguintes aspectos:

- *Todo o relativo á calidade da prestación do servizo: calidade dos menús que se oferten, calidade e variedade dos produtos ofertados (frescos, de elaboración artesá, propiedades saudables, utilización de medios propios, etc.), certificacións de calidade, controis bromatolóxicos e calquera outro elemento que incida na calidade do servizo.*
- *Planificación dos menús: menús do día, menús especiais, menús especiais con ocasión de actos institucionais, menú sen glute, vexetariano, hiposalino, para diabéticos, etc.*
- *Utilización de produtos ecolóxicos.*

– *Melloras adicionais ofertadas, tales como: instalación fóra das dependencias da cafetería no lugar que determine o Parlamento de Galicia, de máquinas expendedoras de bebidas quentes e frías e aperitivos, que deberán cumprir coa normativa específica que lle resulte de aplicación; oferta de aperitivos de acompañamento a bebidas e/ou a produtos básicos sen custe engadido.*

4.- VALORACIÓN PROPOSTA PRESENTADA.

4.1 Ofertas presentada

Unha vez comprobada a documentación só concorre unha única empresa nesta fase do procedemento de contratación:

- Galicia Vella de Inversións y Logística, S.L (num rex: 23855).

4.2 Comprobación no cumprimento de requisitos:

Conforme aos criterios de adjudicación e unha vez revisada a documentación contida no sobre B compróbase que dita proposta cumpre cos criterios recollidos nos Prego de prescricións técnicas do contrato administrativo para a prestación do servizo de cafetería do Parlamento de Galicia.

En todo caso, advírtese que a franxa horaria que figura na oferta proposta non se axusta ao horario establecido no Prego de Técnicas. O apartado décimo do prego, relativo a horario, establece que “O adxudicatario deberá prestar o servizo de cafetería durante os meses de febreiro a xuño e de setembro a decembro, cun horario desde as 8,00 horas ata as 20,00 horas de xeito ininterrompido de luns a venres. Os meses de xaneiro, xullo e agosto o horario estenderase desde as 8,00 horas ata as 16,30 horas”.

A proposta de Galicia Vella, no seu apartado 3.1 (páxina 19. Tamén na 24, 116 e 117), relativo ao horario de apertura, establece que o servizo de comedor será entre as 8:30 ata os 20:00.

A simple presentación da oferta por parte dunha empresa implica a aceptación dos requirimentos contidos nas bases e/ou pregos do procedemento, sendo a franxa horaria establecida unha obriga de cumprimento. Polo tanto, a empresa ten o deber de dar cumprimento cos horarios de funcionamento previstos para a prestación deste servizo.

Presenta memoria explicativa das características técnicas, dos medios materiais, e do funcionamento da empresa, segundo os criterios esixidos.

Presenta unha declaración dos medios asignados para a prestación deste servizo.

Fai unha descrición detallada da prestación do servizo no tocante a composición dos menús, calidade e variedade dos produtos a empregar, controis bromatolóxicos e de APPCC.

Presenta tamén unha detallada mostra da planificación dos menús por temporada, e de menús especiais (vexetariano, celíaco, diabéticos, hiposalino). Inclúe produtos ecolóxicos e de comercio xusto.

Presenta organigrama do persoal disposto para a prestación do servizo, a súa execución, coordinación, responsabilidades, e cumprindo co número de efectivos que require o prego.

Presenta unha proposta de xestión ambiental destinada a unha prestación do servizo que repare no mellor uso eficiente da enerxía, uso de produtos de limpeza non agresivos co medioambiente, reutilización e reciclaxe, separación selectiva de residuos, incluíndo o tratamento de aceites usados mediante xestor autorizado.

Oferta unha aperitivo de fin de ano.

Oferta a instalación dunha máquina expendedora de bebidas quentes e outra de bebidas frías e produtos sólidos.

En Santiago de Compostela, a 17 de xuño de 2014



O técnico do Servizo de Réxime Interior
Martín Nercellas Méndez



PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE RÉXIME INTERIOR

Vº e prace

O xefe do Servizo de

Réxime Interior



F. Javier Freire González